



E.- AS PAISAXES AGRARIAS DE ESPAÑA

Selectividade: Exercicio práctico:

- Comentario e localización dunha paisaxe agraria: dominio climático, relevo, estrutura da propiedade, tipo de aproveitamento, poboamento, etc.





- ### Sistemas y paisajes agrarios de la Península y Baleares
- Sistemas y paisajes agrosilvopastoriles de la España húmeda
 - Sistemas adehesados del oeste ibérico
 - Sistemas y paisajes agroforestales de la montaña mediterránea e interior
 - Sistemas y paisajes agrarios de las campiñas y llanuras del interior ibérico y de Baleares
 - Vegas Ibéricas
 - Huertas, Vegas y Hoyas del Mediterráneo

- ### Sistemas y paisajes agrarios de Canarias
- Agricultura tradicional y de exportación de la costa y medianías de barlovento
 - Secanos y pastizales de sotavento e islas orientales
 - Cumbres



- ### AGRICULTURA Y USOS DEL SUELO
- Secano
 - Regadío
 - Bosques
 - Vid
 - Olivo

1.- Os elementos da paisaxe agraria




As paisaxes agrarias son a morfoloxía ou aspecto visual do espazo agrario. Resultan da transformación do medio natural polo poboamento e polas actividades agrarias. Polo tanto, ademais do medio natural inclúen o espazo habitado (o poboamento e o hábitat rural) e o espazo traballado (as parcelas e os aproveitamentos ou usos agrarios). A diversidade desta combinación explica a variedade de paisaxes agrarias de España.



a) O espazo habitado

a.1) O poboamento rural (páx. 168)

- O poboamento rural é...

- **Poboamento disperso // Poboamento concentrado // poboamento intercalar**






Agrocidade de Baena, Córdoba



a.2) O hábitat rural (páx. 169)


- O **hábitat rural** comprende as vivendas e as dependencias agrarias.
- Varía segundo o material construtivo, a forma das cubertas e o plano.




b) As parcelas e os usos do solo son tamén dous compoñentes visuais da paisaxe agraria.

b.1) As parcelas, como xa se indicou, son terras con límites precisos pertencentes a un propietario. Poden clasificarse atendendo a varios criterios.

b.2) Os usos do solo, como xa se indicou, poden ser agrícolas, gandeiros, forestais ou mixtos.



2.- As paisaxes agrarias de España



No **norte peninsular** e as **áreas de montaña húmida** predominan a agandería e a explotación forestal. No **interior peninsular**, nas concas da Meseta e as depresións do Ebro e o Guadalquivir, dominan os cultivos de secaño, igual que no interior balear; nas penechairs do occidente peninsular, as devesas; e á beira dos ríos, regadíos extensivos. Na **costa mediterránea**, impóñense os cultivos de horta e nas áreas montañosas prelitorais, os pastos e matogueiras para o gando. En **Canarias**, a costa está ocupada por regadíos intensivos e as medianías, por secaños extensivos.

PAISAXE AGRARIA DO NORTE PENINSULAR HÚMIDO

Zona xeográfica

Comprende o norte e o noroeste da Península Ibérica.

Medio físico

Posúe un **relevo** accidentado, con escasas superficies chairas e **clima** oceánico chuvioso todo o ano.

Estrutura agraria

A **poboación**, tradicionalmente moi numerosa, é hoxe escasa e envellecida, dado que se viu forzada a emigrar ante a incapacidade do campo de proporcionarlle ingresos suficientes. O **poboamento** predominante é disperso intercalar a partir de aldeas, parroquias e vilas.

As **explotacións** son **minifundistas**. Os campesiños posúen pequenas parcelas pechadas por sebes e afastadas entre si, o que diminúe a súa rendabilidade e dificulta a mecanización. Para corrixilo, impulsouse a *concentración parcelaria*, con escasos resultados.





A poboación aparece dispersa en casas de campo, pequenas aldeas ou en casaríos porque a auga é abundante en todos os lugares e o gando necesita coidados ao longo do día.

A casa tradicional desta paisaxe adáptase á escaseza de sol polo soen abrirse ventás acristaladas, moitas casas están porticadas e os seus tellados son inclinados para protexelas da choiva.

OS USOS DO SOLO na España húmida son basicamente gandeiros.

Agricultura

- Ocupa unha **escasa superficie**. Na costa, os campos sitúanse no fondo dos vales; no interior, ao ser estes máis estreitos, o seu aproveitamento agrícola é moi pequeno. É unha **agricultura de secaño**, debido á regularidade das precipitacións.
- **No pasado** practicábase o **policultivo** porque os campesiños vivían moi illados e necesitaban autoabastecerse. Cultivábanse produtos hortofrutícolas en pequenas **hortas** (col, repolo, cebolas...) situadas preto das casas para o consumo familiar, e **millo, pataca, árbores froiteiras e vide**, está última sobre todo en Galicia. Nas terras de peor calidade sementábase **cebada** ou centeo, e a economía familiar completábase coa **cría de gando**. Só unha parte destes produtos se vendía no mercado.
- **Na actualidade** a agricultura tende a especializarse en cultivos de **horta e forraxes** (prados, alfalfa, trevo, millo forraxeiro), en consonancia co desenvolvemento gandeiro.



OS USOS DO SOLO na España húmida son basicamente gandeiros.

Gandería

- É a **actividade agraria máis importante**. Vese favorecida polo clima, pola demanda urbana de leite e de carne, e pola escasa poboación rural, dado que require menos man de obra.
- En Galicia predominan a pequena e a mediana explotación familiar. Na fachada cantábrica, as explotacións modernizáronse máis en tamaño e equipamento, aínda que tamén está moi estendida a gandería a tempo parcial nas pequenas explotacións.
- **Predomina o gando bovino**. O de aptitude cárnica, en réxime extensivo ou semiextensivo, oriéntase á produción de becerros; e o de aptitude leiteira, en réxime intensivo, á produción de leite e dos seus derivados.



OS USOS DO SOLO na España húmida son basicamente gandeiros.

Explotación forestal

- O bosque caducifolio orixinal foi substituído en moitas zonas por piñeiros ou eucaliptos, de crecemento máis rápido.
- É unha actividade importante sobre todo en Galicia. Dedicase a industria do moble ou á obtención de pasta de papel.



PAISAXE AGRARIA MEDITERRÁNEA DE INTERIOR

Zona xeográfica

Comprende ambas as dúas submesetas e a maior parte das Depresión do Ebro e do Guadalquivir.

Medio físico

Posúe un **relevo** chaira, de elevada altitude media na Meseta, e un **clima** mediterráneo continentalizado, con escaseza de precipitacións estivais e acusados contrastes térmicos estacionais.

Estrutura agraria

A **poboación** agraria é moi escasa e envellecida, debido á forte emigración sufrida entre 1950 e 1975. O **poboamento** é concentrado en vilas, pequenas e próximas nos vales do Douro e do Ebro, e grandes e distanciadas entre si na metade sur peninsular.

As **explotacións son de diverso tamaño**. O minifundio predomina nos regadíos do Ebro e no val do Douro, aínda que se reduciu debido á emigración e á concentración parcelaria. As grandes propiedades son características de moitos secaños casteláns, aragoneses e extremeños e andaluces.





Na España interior non hai poboamento disperso, agás no interior de Andalucía, onde existen grandes “cortijos” que acollen, en ocasións, unha poboación numerosa, ao albergar a vivenda do dono da propiedade e as dos traballadores.



OS USOS DO SOLO na España interior son agrícolas, gandeiros e forestais.

Agricultura presenta claras diferenzas entre as áreas de secaño e as de regadío.

- O **secaño** domina nos páramos e campiñas da Meseta e nas áreas non regadas do val do Ebro e do Guadalquivir. Practica unha **agricultura extensiva** en campos abertos, protagonizada pola chamada "**triloxía mediterránea**": os cereais, a vide e a oliveira.

No pasado, os cereais, principalmente trigo, rotaban con barbeito ou con leguminosas e levaban asociada unha gandería ovina que pastaba nas restrebas. Tamén se plantaban cultivos leñosos, como a vide e a oliveira, e, en menor medida, amendoeiras e algarrobos. Estes cultivos aparecían como monocultivo, asociados entre si, ou xunto a outros aproveitamentos.

Na actualidade, o trigo foi substituído en gran parte pola cebada; e o barbeito completo substituíuse polo medio barbeito, que utiliza o xirasol como cultivo de descanso, ou desapareceu grazas ao uso de fertilizantes químicos. Os cereais predominan en Castela e León, mentres no Val do Guadalquivir, en Castela-A Mancha, Aragón e Extremadura cobran máis importancia o oliveiral e o viñado. Este último destaca na Rioxa, Navarra e Aragón pola súa calidade e extensión.



OS USOS DO SOLO na España interior son agrícolas, gandeiros e forestais.

Agricultura presenta claras diferenzas entre as áreas de secaño e as de regadío.

- O **regadío** permite practicar unha agricultura máis intensiva. **No pasado**, o regadío limitábase a reducidas extensións nas veigas dos ríos e preto das vilas, que producían sobre todo hortalizas para autoconsumo. **Na actualidade**, a extensión da superficie regada permitiu diversificar a produción: plantas industriais como a remolacha azucareira, o lúpulo e o tabaco; forraxes para a alimentación do gando, como a alfalfa ou o millo; e froitas e hortalizas, que son a base dunha destacada industria conserveira nas terras rioxanas, navarras e aragonesas do val do Ebro.



OS USOS DO SOLO na España interior son agrícolas, gandeiros e forestais.

Gandería
ten
importancia
nos secaños
e nas
devesas
ocidentais.

- Os **secaños casteláns** e os **da depresión do Ebro** manteñen unha importante gandería ovina, que pasta nas restrebas en réxime extensivo. Ademais, nas áreas forraxeiras regadas andaluzas e de Castela e León medraron o gando bovino de leite; no val medio do Guadalquivir, bovino de carne e reses bravas de lida; e o gando porcino, que, en réxime intesivo, gañou peso especialmente nas proximidades dos centros urbanos de consumo.



OS USOS DO SOLO na España interior son agrícolas, gandeiros e forestais.

Gandería
ten
importancia
nos secaños
e nas
devesas
occidentais.

- As **devesas occidentais** de Extremadura, Salamanca, Zamora e Andalucía son explotacións agrogandeiras, que nas zonas de serra aproveitan tamén a madeira de aciñeira e da sobreira. A devesa **tradicional** tiña unha orientación principalmente gandeira: os seus pastos alimentaban os rabaños de ovino e de porcino, e, secundariamente de bovino; parte das súas terras cultivábanse en longas rotacións para proporcionar alimentos e restrebas ao gando durante a longa seca estival; e o froito das aciñeiras e das sobreiras usábase na etapa final de ceba do porco. Na **actualidade**, xunto ao mantemento do sistema tradicional, introducíronse cambios. Entre eles, unha maior orientación ao gando vacún; a dedicación á agricultura dalgunhas devesas con mellores solos; e a reconversión cara a outros usos, como a caza.



OS USOS DO SOLO na España interior son agrícolas, gandeiros e forestais.

Explotación forestal

Característica dalgunhas áreas, como a Terra Pinariega soriana.



PAISAXE AGRARIA MEDITERRÁNEA LITORAL

Zona xeográfica

Comprende o litoral e prelitoral mediterráneo e as illas Baleares.

Medio físico

Posúe un **relevo** accidentado no litoral mediterráneo, chairro preto da costa e algo montañoso na área prelitoral; e un relevo de suaves campiñas no val do Guadalquivir. O **clima** é mediterráneo de influencia marítima, con precipitacións moi escasas no verán e temperaturas suaves.

Estrutura agraria

A **poboación**, tradicionalmente numerosa, é hoxe reducida debido ao éxodo rural. O **poboamento** disperso característico tende á concentración, agás nas hortas litorais.

As **explotacións son de distinto tamaño**. Nas zonas de regadío, predomina o minifundio. En secaño, as explotacións son pequenas e medianas na C. Valenciana e Murcia, medianas en Cataluña.



Na España mediterránea o hábitat rural era tradicionalmente disperso, especialmente nas zonas de regadío de Levante, onde as vivendas sitúanse preto dos cultivos, que requiren un traballo intenso. Na actualidade tende algo máis á concentración.

A casa tradicional, con frecuencia encalada, ten poucas aberturas para protexerse do sol e os tellados soen ser planos.



OS USOS DO SOLO na España mediterránea litoral son sobre todo agrícolas.

Agricultura presenta claras diferencias entre as áreas de secaño e as de regadío.

- O **secaño** esténdense polas zonas prelitorais montañosas ou accidentadas; e o interior mallorquino. Están ocupados por cereais, vide, oliveira e amendoeiras.
- Os cultivos de **regadío**, que dominan o espazo máis próximo ao litoral, vense favorecidos polas suaves temperaturas, a elevada insolación, a protección do relevo, a existencia de solos apropiados e unha importante demanda internacional. Dedicáanse á horticultura temperá ao aire libre, á horticultura precoz baixo plástico, á fruticultura mediterránea (cítricos, árbores, froiteiras de carabuña e de pebida) e aos froitos tropicais (chirimoia, aguacate) nas foxas de Málaga e de Granada, grazas á excepcional suavidade dos invernos.



OS USOS DO SOLO na España mediterránea litoral son sobre todo agrícolas.

Gandería

A **bovina**, **porcina** e **avícola** predominan en Cataluña estimulada pola demanda urbana, polo que na actualidade se practica de forma intensiva e estabulada; a **ovina**, en réxime extensivo, nos secaños.



OS USOS DO SOLO na España mediterránea son principalmente agrícolas.

Explotación forestal

Ten escasa significación, agás en Huelva, onde hai grandes extensións de eucalipto.



PAISAXE AGRARIA DE MONTAÑA

**Zona
xeográfica**

Zonas de montaña por riba dos 1000 metros de altitude.

**Medio
físico**

Posúe un medio físico con condicións extremas: **relevo** de elevada altitude e fortes pendentos; e **clima** frío, con precipitacións moi abundantes, que en inverno caen en forma de neve.

**Estrutura
agraria**

A **poboación**, presenta densidades moi baixas e unha forte tendencia emigratoria. O **poboamento** era tradicionalmente disperso en pequenos núcleos localizados nos vales. Na actualidade tende a concentrarse en vilas máis grandes.

As **explotacións son contrastadas**. Coexisten pequenas explotacións privadas formadas por parcelas pechadas, habitualmente separadas entre si, con montes e praderías municipais, de aproveitamento exclusivo para os veciños.



OS USOS DO SOLO na España de montaña son diversos e complementarios, graduándose en función das variacións climáticas.

Agricultura
Soe
atoparse no
fondo dos
vales.

- Nas montañas do norte peninsular, desenvólvese no fondo dos vales e céntrase nos cultivos de horta.
- En cambio, no sur de Galicia, e nas montañas máis térmicas do Levante e do sur e Baleares, algúns cultivos, como a vide, as amendoeirás e as oliveiras, ascenden polas vertentes en solcalcos ou terrazas.



OS USOS DO SOLO na España de montaña son diversos e complementarios, graduándose en función das variacións climáticas.

Gandería
É
extensiva

- Nas **montañas do norte peninsular** é bovina ou ovina, e pasta nos claros dos bosques e nas matogueiras e praderías dos cumes.
- Na **montaña mediterránea**, onde adoita faltar o piso supraforestal de pastos, domina a gandería ovina, que practica unha trashumancia local entre o val e o cume.



OS USOS DO SOLO na España de montaña son diversos e complementarios, graduándose en función das variacións climáticas.

Explotación forestal

- É maior nas montañas do norte.
- Céntrase no aproveitamento da leña e da madeira de especies como o eucalipto, o castiñeiro ou o piñeiro.



PAISAXE AGRARIA DO CANARIAS

Zona xeográfica

Comprende as illas Canarias.

Medio físico

Posúe un medio físico caracterizado por un **relevo** volcánico accidentado e un **clima** cálido todo o ano, con precipitacións escasas e irregulares nas zonas baixas.

Estrutura agraria

A **poboación**, está en retroceso debido á atracción que exercen sobre ela actividades do sector terciario, como o turismo. O **poboamento** é disperso laxo, constituído por pequenas agrupacións de casas e aldeas diseminadas. As vilas son xeralmente de pequeno tamaño.

As **explotacións** mostran **importantes contrastes** entre os reducidos tamaños das zonas medias e altas, e as grandes explotacións dos regadíos costeiros.





As illas de Gran Canaria e Tenerife son as que concentran o maior poboamento urbano, aínda que segue sendo o poboamento rural o máis numeroso no conxunto do arquipélago.

Os pequenos pobos tradicionais canarios de casas blancas mestúranse cos campos de cultivo e as paisaxes naturais do lugar, xa sexa de forma dispersa ou concentrada.

OS USOS DO SOLO nas Illas Canarias son escasos e principalmente agrícolas.

Agricultura
É moi
contrastada

- Nas **áreas litorais regadas** predomina o monocultivo orientado á exportación (plátano, tomate, pataca extratemperá), os cultivos baixo plástico (pepino, pemento, flores) e as novas plantacións tropicais (papaia, mango, piña, aguacate).
- Nas **zonas medias e altas do interior** das illas predomina a agricultura tradicional de secaño, orientada sobre todo ao consumo interno, e baseada no cultivo da vide e da pataca. O trigo, que tradicionalmete rotaba con barbeito ou patacas, reduciu notablemente a súa extensión.



OS USOS DO SOLO agrarios nas Illas Canarias son escasos e principalmente agrícolas.

Gandería

- Escasa e xeralmente asociada á agricultura.
- Predomina a ovina e caprina, xeralmente en réxime extensivo.
- Porcina e avícola en réxime intensivo.



OS USOS DO SOLO agrarios nas Illas Canarias son escasos e principalmente agrícolas.

Explotación forestal

- Aproveitou a madeira dos piñeirais, a do faial-breixeira e da laurisilva para a elaboración de carbón, a construción e os soportes dos cultivos.



<http://piensasiempreporque.blogspot.com.es/2014/02/tema-13.html>

<http://www.profesorfrancisco.es/2009/11/sector-primario-en-espana.html>

<https://sites.google.com/site/tallereparaciones/tema13>

<http://es.slideshare.net/mariomasero/3-paisajes-agrarios-de-espaa-3018091>

<http://es.slideshare.net/pedrobernal/t5f-paisajes-agrarios>

<http://noespazoenotempo.webnode.es/fotogaleria/cambios-e-permanencias-no-sector-primario/practicos/paisaxes-agrarias/>

http://www.ign.es/espmap/figuras_rural_bach.htm

